

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO PARA A RECUPERACIÓN INTEGRAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ORGÁNICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 23 de setembro de 2025, coa entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, actuación que ten por finalidade prestar servizos especializados ás persoas con discapacidade orgánica derivada dunha patoloxía crónica, de cara a diminuír o impacto das mesmas sobre a súa autonomía e previr situacións de dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, e consecuentemente a vixilancia das enfermidades crónicas e prevención de discapacidades, conforme ao Decreto 144/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

COGAMI, entidade de natureza asociativa, declarada de utilidade público polo Ministerio de Interior con data 26 de maio de 2024, segundo os seus estatutos, a entidade ten por finalidade, entre outras, a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración

na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da transformación social, do fortalecemento do movemento asociativo, a xeración de oportunidades de proxecto da dimensión axeitada, sendo referente en Galicia do colectivo ao que van dirixidas as actuacións obxecto do programa. Así pois, dada a especificidade das súas características, así como da actividade que desenvolve aquela, non semella posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o seu regulamento.

As entidades que conforman COGAMI están especializadas na prestación de servizos a persoas con discapacidade con patoloxías concretas e nos territorios nos que desenvolven a súa actividade. Ademais, están inscritas no Rexistro de Asociacións, no Rexistro de Entidades prestadoras de Servizos Sociais, así como no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia.

O presente convenio ten un carácter diferenciador ao tratarse dun plan integral e innovador, dirixido a persoas con discapacidade e as súas familias. A súa diferenciación radica no enfoque específico que ten, centrado na atención especializada a cada colectivo dentro do seu territorio. O programa traballa con persoas que padecen enfermidades crónicas que derivan en discapacidade, co obxectivo de previr o empeoramento e as situacións de dependencias que poidan derivar das mesmas.

O programa baséase na prestación dos tratamentos e técnicas mais axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo. As intervencións efectuaranse na contorna das persoas asistidas (domicilios particulares, empresas ou centros de atención) sempre co obxectivo de que a persoa mellore a súa autonomía na súa contorna natural de desenvolvemento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

